

ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA

Aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 6 de marzo de 1998. Publicada no BOP da Coruña o 7 de maio de 1998, modificacións publicadas no BOP da Coruña o 9 de xuño de 2000, 26 de maio de 2006, 13 de xullo de 2006. Derrogacións dos artigos 58 a 67 pola aprobación da Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes, publicada no BOP da Coruña do 24 de febreiro de 2010.

A Disposición derogatoria da Ordenanza municipal reguladora de terrazas e quioscos de hostalería, aprobada por acordo do Pleno de 26 de abril de 2012, derroga os artigos 108 a 112.

Artigos derogados pola modificación aprobada polo Pleno da Corporación do 23 de febreiro de 2006, publicada no BOP da Coruña o 26 de maio de 2006.

Artigo 39.- Estacionamento de vehículos para carga e descarga de mercadorías.

1.- A autoridade municipal establecerá e sinalizará zonas para a realización das operacións de carga e descarga.

2.- Dentro da zona monumental, que inclúe o sinalado no parágrafo 2, do artigo 10, e no artigo 12 coas salvidades sinaladas, pódense realizar as operacións de carga e descarga exclusivamente entre as **7.00 e as 10.30** por períodos de 30 minutos.

A referida sinalización realizarase preferentemente mediante elementos verticais xa que a conservación do patrimonio histórico-artístico aconsella non utilizar nesta zona marcas viais sobre o pavimento.

3.- Tamén se poderán facer estas operacións polos mesmos períodos entre as 7.00 e as 12.00 horas e das 14.30 ás 17.00 horas nos espazos reservados e debidamente sinalizados no pavimento ou mediante sinais verticais nas restantes vías do casco urbano.

Aqueles vehículos destinados ós transportes de mercadorías cun PMA maior de 8500 e que non supere os 12.000 quilogramos, poderán realizar as operacións de carga e descarga de 4.30 a 7.30 horas, agás na zona delimitada no artigo 10.2.

4.- Nas rúas de Santo Agostiño, San Bieito e na praza da Pescadería Vella poderase regular o estacionamento de vehículos de 16.30 a 20.30 horas, de acordo co sinalado na ORA. O acceso ás citadas rúas realizarase pola praza de San Fiz de Solovio, rúa das Ameas (Praza de Abastos), e praza de Santo Agostiño. Os vehículos estacionados na praza do Irmán Gómez sairán pola rúa da Oliveira.

5.- Os días en que estea aberta de Praza de Abastos, con carácter xeral, os vehículos de servizo deste mercado, realizarán as tarefas de carga e descarga na travesa de Santo Agostiño entre as 6.00 e as 8.00 horas e entre as 19.00 e as 21.00 horas.

Así mesmo, poderán habilitarse outras zonas para a carga e descarga, cando as necesidades do momento o esixan.

Artigo 59.- Tipoloxía de usos e usuarios

1.- Réxime xeral.- Usuarios que mediante o pagamento das tarifas establecidas na Ordenanza correspondente poden estacionar nas zonas delimitadas para tal fin, cun límite máximo permitido de dúas horas e coa obriga de, rematado este tempo, cambiar o seu vehículo de rúa.

Os títulos que habilitan serán os comprobantes de pagamento e do tempo de estacionamento que se extraerán das máquinas expendedoras mediante moedas, tarxeta mecánica ou moedeiro.

As tarifas serán de trinta minutos mínimo e de dúas horas máximo, se ben se admite un "exceso" de trinta minutos máis do tempo pagado, de acordo co previsto no artigo 8 deste anexo

O conductor do vehículo deberá colocar o comprobante na parte interna do parabrisas de xeito totalmente visible desde o exterior.

2.- Réxime xeral de longa duración.- As rúas delimitadas para este fin, rexeranse polos mesmos criterios do apartado anterior, salvo no que se refire ao tempo máximo de estacionamento que será de catro horas e terá un custo do 50% menos, sobre a tarifa normal de réxime xeral.

3.- Réxime xeral de curta duración.- As rúas delimitadas para este fin rexeranse polos mesmos criterios do apartado primeiro, agás no que se refire ó tempo máximo de estacionamento, que será dunha hora.

4.- Réxime de residentes.- Poderán obter a acreditación de residentes permanentes as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a).- Que o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes estea dentro da área de aplicación da ORA.
- b).- Que acrediten a propiedade do vehículo mediante o permiso de circulación e o DNI ou o permiso de conducir do solicitante.
- c).- Que acrediten estar ó corrente do pagamento do imposto municipal de circulación no Concello de Santiago.
- d).- Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico impostas por resolución firme da Alcaldía deste Concello.

Igual tratamento cós residentes terán as persoas discapacitadas que reúnan os requisitos b, c, e d, se ben a efectos de garantir a efectiva dispoñibilidade de espaciao establecerase unha reserva específica equivalente alomenos ó 2 % das prazas, tanto nas zonas de réxime xeral como de residentes, a tal efecto habilitarase xunto ás zonas de carga e descarga alomenos unha praza de aparcamento específico.

Terán a condición de vehículos residentes por mor de actividade profesional ou comercial os pertencentes a persoas físicas ou xurídicas que exerzan estas actividades na área de aplicación da presente Ordenanza e tributen por elas o correspondente imposto de actividades económicas (IAE). Deberán reunir os requisitos b, c e d anteriores. Para dar cumprimento ó requisito b, no lugar do DNI ou do permiso de conducir, deberán presentar unha fotocopia do código de identificación fiscal.

Os residentes perden tal condición nos sectores da cidade distintos do seu.

Artigo derogado pola modificación aprobada polo Pleno da Corporación do 27 de abril de 2006, publicada no BOP da Coruña o 13 de xullo de 2006.

110.3. As autorizacións poderán ser anuais ou de temporada, sen que en ningún caso poidan exceder de un ano. Entenderase por autorizacións de temporada as que vaian dende o 1 de marzo ata o 30 de outubro, ámbolos dous inclusive, e por anuais as que autoricen a instalación dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. O interesado deberá, en calquera caso, solicitar a renovación.

Artigos 58 a 67 derogados pola Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da O.R.A. e aparcamento de residentes, aprobada polo Pleno da Corporación do 28 de xaneiro de 2010, publicada no BOP da Coruña o 24 de febreiro de 2010.

TITULO III.- DO SERVICIO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ORA)

Artigo 58.- Obxecto.

O servizo de ordenación e regulamentación do aparcamento (ORA) é un servizo público local que pretende a regulación dos espazos de aparcamento en superficie dispoñibles na cidade, fixando os tempos máximos de permanencia para lograr unha rotación dos vehículos que permita optimizar o uso dun ben escaso como é o do dominio público dedicado para tal fin.

Artigo 59.- Tipoloxía de usos e usuarios

“1.- Réxime xeral.- Usuarios que mediante o pagamento das tarifas establecidas na Ordenanza correspondente poden estacionar nas zonas delimitadas para tal fin, cun límite de tempo máximo determinado por resolución da Xunta de Goberno Local.

2.- Réxime xeral de longa duración.- As rúas delimitadas para este fin, rexeranse polos mesmos criterios do apartado anterior, agás no que se refire ao tempo máximo autorizado, que será de duración superior, segundo se determine pola Xunta de Goberno Local.

3.- Réxime xeral de curta duración.- As rúas delimitadas para este fin rexeranse polas mesmas normas que no apartado primeiro pero cu ha duración de tempo mais reducida segundo estableza a Xunta de Goberno Local.

4.- Réxime de residentes.- .- Poderán obter a acreditación de residentes permanentes as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a).- Que o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes estea dentro da área de aplicación da ORA.
- b).- Que acrediten a propiedade do vehículo mediante o permiso de circulación e o DNI ou o permiso de conducir do solicitante.
- c).- Que acrediten estar ó corrente do pagamento do imposto municipal de circulación no Concello de Santiago.
- d).- Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico impostas por resolución firme da Alcaldía deste Concello.

Igual tratamento cós residentes terán as persoas discapacitadas que reúnan os requisitos b, c, e d, se ben a efectos de garantir a efectiva dispoñibilidade de espazo establecerase unha reserva específica equivalente alomenos ó 2 % das prazas, tanto nas zonas de réxime xeral como de residentes, a tal efecto habilitarase xunto ás zonas de carga e descarga alomenos unha praza de aparcamento específico.

Terán a condición de vehículos residentes por mor de actividade profesional ou comercial os pertencentes a persoas físicas ou xurídicas que exerzan estas actividades na área de aplicación da presente Ordenanza e tributen por elas o correspondente imposto de actividades económicas (IAE). Deberán reunir os requisitos b, c e d anteriores. Para dar cumprimento ó requisito b, no lugar do DNI ou do permiso de conducir, deberán presentar unha fotocopia do código de identificación fiscal.

Os residentes perden tal condición nos sectores da cidade distintos do seu.

5.- A sectorialización e determinación das zonas e rúas que comprende cada réxime de actuación determinarase por resolución da Xunta de Goberno Local.”

6.- Cando o acordo da Xunta de Goberno Local contivese un cambio substancial sobre as áreas delimitadas, a entrada en vigor do acordo quedará condicionada a súa publicación para xeral coñecemento.

Artigo 60.- Tarxetas de residente

1.- Os residentes terán dereito a obter unha tarxeta que os acredite como tales, con vixencia ata o 31 de decembro de cada ano. Con este fin deberán presentar a oportuna instancia no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela no prazo que se determine para este efecto, debendo acompañar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF.
- Fotocopia do permiso de circulación.
- Fotocopia do último recibo pagado do seguro do vehículo.
- Fotocopia da ficha da inspección técnica do vehículo.
- Fotocopia do último recibo do imposto de vehículos de tracción mecánica.

2.- Os interesados en obter esta tarxeta deberán estar ó corrente no pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica e non ter pendentes por vía executiva multas de tráfico aprobadas por resolución firme de esta Alcaldía.

3.- Unha vez feitas as debidas comprobacións, os servicios municipais designados para esta función expedirán a tarxeta logo de pagado o prezo público que se establece na correspondente Ordenanza.

Os residentes, dentro do seu sector, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta do ano en curso, que os habilita para estacionar nas rúas reservadas e sinalizadas para este fin.

O concello reservarase o dereito de esixir calquera outra proba documental ou de realizar de oficio cantas comprobacións considere necesarias para contrastar a veracidade das acreditacións.

4.- Concederáse unha única tarxeta por habitante.

5.- O titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando este feito.

6.- No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, como cambio de domicilio ou cambio de vehículo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

7.- Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular do distintivo do aparcamento realiza un uso fraudulento del ou que os datos presentados para obtelo foran falseados, procederáse a retirar o distintivo, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprenderon indicios de ilícito penal serán remitidas ó órgano competente.

A anulación do distintivo por esta causa non dará dereito a reembolso da cantidade pagada para a súa obtención.

Artigo 61.- Sinalización.

1.- Zona de réxime xeral.- Delimitarase a zona mediante sinais verticais específicos e horizontais de cor azul.

2.- Réxime xeral de longa duración.- sinalización con sinais verticais específicos e horizontais de cor azul. Indicarase expresamente que o tempo límite de estacionamento é de catro horas.

3.- Sector de réxime xeral de curta duración.- A sinalización será igual cá do réxime xeral, con indicación expresa de que o tempo límite máximo é dunha hora.

4.- Sector de réxime de residentes.- Delimitarase mediante sinais verticais específicos e horizontais de cor verde.

Artigo 62.- Expedición do título.

Co fin de facilitar os títulos necesarios para o estacionamento limitado de uso xeral, instalaranse na vía pública máquinas expendedoras en número suficiente.

As máquinas expendedoras deberán ser seleccionadas polo Concello e os comprobantes que emitan deberán indicar o día, mes, ano, horas e minutos en que remata a autorización para estacionar e a cantidade pagada.

Artigo 63.- Horario.

O Servicio estará en actividade en días laborables e nas rúas indicadas nesta Ordenanza co seguinte horario:

* De luns a venres:

- de 10.00 a 14.00.

- de 16.30 a 20.30

* Sábados:

- de 10.00 a 14.00

Por acordo do Pleno Municipal poderá modificarse ou ampliarse o citado horario.

Por resolución da Alcaldía, e por razóns de urxencia, poderá reducirse o horario co fin de adaptalo ás circunstancias específicas dalgunha zona.

Artigo 64.- Prezo público.

O réxime de tarifas e as súas modificacións, as disposicións relativas ós suxeitos obrigados e exentos do pagamento, etc., rexeranse polo no prezo público correspondente.

Artigo 65.- Título pagado posteriormente.

Se o vehículo non sobrepasou máis de trinta minutos do tempo de estacionamento permitido indicado no comprobante, o usuario poderá obter un segundo billete de "exceso" no que constará a hora de expedición. Este prazo de exceso que se paga posteriormente non poderá superar o límite máximo de estacionamento de dúas horas nas zonas do réxime xeral e dunha hora nas do réxime de curta duración.

Artigo 66.- Infraccións.

1.- Considéranse infraccións contra o servicio público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA), durante o horario de actividade do mesmo:

a).- O estacionamento efectuado sen comprobante ou con un non válido.

b).- O estacionamento durante máis tempo do sinalado no título, coa salvidade establecida no artigo 8.

c).- O estacionamento efectuado sen tarxeta de residente válida nos espazos destinados para este fin.

d).- Permanecer estacionado máis de dúas horas nun sector de réxime xeral; máis de catro horas nun sector de réxime xeral de longa duración e máis dunha hora nun sector de réxime xeral de curta duración.

2.- Con independencia das facultades dos axentes da Policía Local, con carácter xeral, en materia de infraccións á presente Ordenanza, as referidas ós apartados deste artigo serán denunciadas polos vixiantes do servizo en calidade de auxiliares e colaboradores da autoridade.

Artigo 67.- Sinais

1.- “As zonas de aplicación da ORA contarán coa sinalización vertical e horizontal establecida, coas limitacións previstas nesta ordenanza relativas ao caso histórico.”

ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA

A Disposición derogatoria da Ordenanza municipal reguladora de terrazas e quioscos de hostalería, aprobada por acordo do Pleno de 26 de abril de 2012, derroga os artigos 108 a 112 que a seguir transcribe:

Artigo 108.-

Os pedimentos de permiso para a instalación na vía pública de mesas e sillas deberán formularse no impreso de solicitude de ocupación provisional da vía pública e ir acompañados necesariamente da documentación seguinte:

- Xustificante de ter obtido previamente a licencia para a actividade.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do modelo de mobiliario que se pretende instalar.
- Plano de situación a escala 1:1000 (ou 1:500 para o caso de terrazas na cidade histórica) acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existente na área de influencia da ocupación.

Artigo 109.-

1.- As mesas colocaranse como norma xeral fronte á fachada do establecemento ou pegadas ó bordo e separadas deste 50 centímetros. Nembargantes poderá autorizarse a instalación ó pé da fachada cando o solicite o interesado e existan razóns especiais que o aconsellen (modificacións no tráfico de peóns ou outras).

2.- Para as mesas que se teñan que colocar nun xardín público ou zona axardinada, solicitarase previamente informe do servizo correspondente.

3.- A colocación de mesas en zona peonil requirirá, en cada caso concreto, un estudio especial, atendendo á anchura e demais características da rúa.

4.- O Concello, vistos os informes técnicos e, se é o caso, a correspondente convocatoria, poderá seleccionar ou homologar os modelos que serán preceptivos no casco histórico e nas zonas que se determinen do municipio.

Artigo 110.-

- 1.- A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie, fixándose un máximo de mesas.
- 2.- Estas unidades agruparanse en módulos de 2x2 metros correspondendo a una mesa e catro sillas.
- 3.- As autorizacións poderán ser anuais ou de temporada. Entenderase por autorizacións de temporada as que vaian desde o 1 de marzo ata o 30 de outubro, ámbolos dous inclusive, e por anuais as que autoricen a instalación desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro. No suposto de non solicitarse renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.
- 4.- Se existen problemas en relación coa autorización por queixas razoadas dos veciños ou pedimento motivado dos servicios municipais, incumprimento das obrigas do titular ou outras circunstancias de interese xeral como pode ser a ordenación do tráfico, etc., o Concello resérvase o dereito de anular a autorización sen dereito de indemnización ningunha.
- 5.- Salvo autorización expresa en sentido contrario, que só poderá concederse con carácter provisional e en precario, o titular deberá levantar a terraza unha vez rematado o horario de apertura e non poderá montala novamente antes das 10.30 horas do día seguinte ou do horario que teña autorizado.

Artigo 111.-

En principio, poden instalarse as mesas na totalidade da anchura da fachada do establecemento se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, etc.) non o impiden.

Non se poderán instalar as mesas fóra da liña de fachada do establecemento a non ser que os propietarios dos establecementos lindantes dean a súa autorización expresa, que deberá presentar o interesado no expediente que se tramite para este efecto, deixando en todo caso expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais.

Artigo 112.-

Os propietarios dos establecementos autorizados para ocupar en precario parte da vía pública quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

- 1.- Deixar un paso de metro e medio de ancho para a circulación de peóns nas beirarrúas ou nas rúas peonís.
- 2.- Deixar expedito o acceso á entrada dos edificios e locais comerciais.
- 3.- Cingirse estrictamente á zona autorizada sen rebasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan.

- 4.-** Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local, sen necesidade de esixir a súa exhibición.
- 5.-** Os elementos que se instalarán nas terrazas cumprirán as seguintes condicións:
- a.- As mesas e sillas a instalar serán de materiais de boa calidade e acordes co contorno.
 - b.- En caso de instalar quitasoles suxeitaranse mediante una base de suficiente peso, de xeito que non se produza ningún deterioro ó pavimento e nin supoñan perigo para os usuarios e viandantes.
- 6.-** As autorizacións para a instalación de terrazas enténdense coas seguinte condicións:
- a.- No suposto de que a autorización das mesas sexa para zonas peonís, non se poderán instalar durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos.
 - b.- Se a calquera hora do día un vehículo autorizado ou de urxencias tivese necesidade de circular pola zona peonil e as mesas llo impediran ou dificulten, o titular destas deberá proceder con toda rapidez á súa retirada co fin de facilitar a manobra do vehículo.
- 7.-** Manter en perfectas condicións de limpeza e salubridade a superficie ocupada polas mesas